



NOTA DE PRENSA (21/07/2025)

PLAN PARA A SIMPLIFICACIÓN DAS TAREFAS BUROCRÁTICAS NOS CENTROS DOCENTES

Valoración do Plan para a redución da burocracia nos centros por parte dos sindicatos asinantes do ["Acordo sobre medidas de mellora"](#)

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2025

Os sindicatos CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP consideran que o Plan de redución da burocracia nos centros educativos, que vén de presentarse publicamente no día de hoxe, supón un primeiro paso no bo camiño, aínda que reclaman medidas adicionais para o profesorado. Non obstante, lamentan o retraso na súa posta en marcha, xa que segundo o punto 7.1 do propio Acordo, este plan debería estar xa operativo durante o curso 2024-2025.

As organizacións sindicais consideran que o documento semella ser un plan ambicioso e ben artellado e que corraxiría, unha vez desenvolvido, problemas estruturais do sistema educativo galego, coma a existencia de aplicacións informáticas obsoletas ou a excesiva complexidade en moitos trámites administrativos que restan tempo ao labor educativo. Destacan tamén que o plan recolle actuacións necesarias para avanzar cara a unha xestión máis áxil, coherente e eficiente da información nos centros.

En definitiva, este plan soamente representa un punto de partida. Con todo, nas distintas reunións celebradas coa Consellería, os sindicatos trasladaron as súas demandas de medidas especificamente dirixidas a aliviar a carga burocrática do profesorado, máis alá da dos equipos directivos. A este respecto, insisten en que a redución da burocracia debe repercutir directamente na mellora das condicións laborais do conxunto do persoal docente.

Dito isto, existen diversas tarefas administrativas ou burocráticas nos centros educativos que é imprescindible realizar e que, dado o seu volume, só pode mitigarse a súa influencia na docencia se se atacan desde outras perspectivas que non pasan pola optimización de procesos ou a mellora de aplicativos. Entre estas melloras que os sindicatos xa lle trasladaron á Consellería e que lamentablemente non foron incluídas neste plan destacan:

- A implantación de reducións horarias específicas para o profesorado titor, en recoñecemento ao volume de traballo que esta función supón.
- A implantación de reducións horarias específicas para profesorado especialista a partir de determinado número de alumnado e/ou grupos que atenda.
- A dotación de tempo suficiente e recoñecemento (en forma de redución horaria e/ou compensación económica) para as distintas coordinacións docentes existentes nos centros.
- A urxente adaptación do horario lectivo nos CIFP respecto aos IES e a dotación horaria suficiente para as novas responsabilidades do profesorado relacionadas coa actual lei de FP.



- A incorporación de persoal administrativo nos centros educativos que permita descargar ao profesorado e equipos directivos das tarefas de xestión máis rutineiras.

A partir do curso 2025-2026 iniciaranse os cambios previstos, o que implicará un proceso de adaptación e esforzo por parte da comunidade educativa. Os sindicatos consideran que, malia as dificultades do período transitorio, estas actuacións poden supor un salto cualitativo na organización escolar e no tempo efectivo destinado á docencia.

CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP velarán para que a partir deste momento, todas as accións que se esbozan de forma xenérica nun documento organizativo coma este deben traducirse en melloras concretas na carga burocrática que soporta o profesorado e deben permitir que este poida centrar os seus esforzos no esencial: educar.

Comprométense a facer un seguimento rigoroso da implantación deste plan e a esixir o cumprimento dos prazos establecidos. Tamén recollerán as achegas e reclamacións do profesorado para trasladalas nas reunións de seguimento do Acordo e continuarán propoñendo melloras que complementen o plan actual.

Para máis información,

Borja Campos Seijo

Secretario de persoal docente de
ensino público non universitario
da Federación de Ensino de
CCOO Galicia
636 358 841

Julio Díaz Escolante

Presidente de ANPE Galicia
615 226 371

José Cristóbal Salgueiro Vallejo

Secretario do sector
de Ensino UGT-SP
687 99 33 82